

MODELO DE PLAN DE ACOLLIDA NA ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO DESPRAZADO POLO CONFLITO DE UCRAÍNA

Versión 25/03/2022

Contexto

Nas circunstancias actuais provocadas polo conflito en Ucraína e nas que, como consecuencia, está a producirse un desprazamento moi significativo de cidadáns ucraínos (maioritariamente mulleres e nenos/as), debemos dar resposta as necesidades de integración/inclusión do alumnado que se está incorporando ao sistema educativo, tendo en conta as súas particulares e perentorias circunstancias e necesidades.

É necesario, por tanto, definir unha serie de medidas e actuacións que, de acordo ao dereito internacional e os mecanismos de solidariedade, así como á normativa estatal e aos plans de actuación coordinados da Xunta de Galicia, favorezan a rápida e eficaz atención educativa a este alumnado e ás súas familias.

Neste senso é importante ter en conta as necesidades tanto educativas como materiais e emocionais do alumnado desprazado polo conflito en Ucraína. Pero non debe esquecerse que o resto do alumnado do centro, quen vai conformar o seu grupo de iguais, non pode subtraerse a esta situación internacional que impacta de cheo nas súas vidas. Debe asumirse, por tanto, como unha oportunidade de crecemento persoal e social para todo o alumnado, no marco do fomento dos valores democráticos.

Marco normativo

- Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína.
- Orde PCM/169/2022, de 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína, recolle medidas específicas sobre o réxime de protección temporal a este colectivo de xeito que se garanta a mellor atención de xeito rápido e eficaz e de acordo á súa realidade persoal e social nas especiais circunstancias nas que se atopan.

- A atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro está determinada no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Non obstante a atención educativa as persoas procedentes de Ucraína debe ter un tratamento máis singularizado dadas as circunstancias que se están a dar nas persoas desprazadas que cheguen a Galicia.

Finalidade

O plan de acollida é un protocolo de actuacións encamiñadas a facilitar unha adaptación o máis efectiva posible ao alumnado que chegue novo ao centro escolar en aras dunha progresiva inclusión.

A incorporación do alumnado que procede do estranxeiro adoita ir precedida dunhas connotacións especiais que non se dan no caso da incorporación doutro tipo de alumnado, e moito máis do alumnado procedente dun conflito bélico. A súa chegada, fai necesario establecer medidas de atención específica axeitadas ás súas necesidades, e unha delas consiste en axustar a acollida que se lle vai dispensar. De que estas medidas sexan adecuadas, comezando polo Plan de Acollida, dependerá que este alumnado acade rapidamente unha boa inclusión escolar e que, non menos importante, os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo.

No plan de acollida deberanse implicar tódolos membros da comunidade educativa e aplicarse en tódalas etapas educativas.

Xustificación e obxectivos

Xustificación

A experiencia previa de diferentes centros educativos de Galicia, con alumnado de incorporación tardía, procedente do estranxeiro, pode ser un punto de referencia para desenvolver prácticas de acollida que se xeneralicen para esta e outras situacións que son cada vez máis comúns. É necesario tomar conciencia da importancia de que este alumnado, e as súas familias, reciban unha atención especial para acadar a súa plena inclusión, tanto escolar como social e, por suposto, persoal e de benestar emocional.

Mais para cumprir este obxectivo é preciso levar a cabo medidas eficaces encamiñadas ao seu logro. Trátase, obviamente, de alumnado con NEAE, derivadas nuns casos do descoñecemento total dun ou dos dous idiomas oficiais de Galicia aínda que non pode descartarse que nalgún caso exista tamén un desfase na súa competencia curricular con relación á súa idade cronolóxica. Pero tamén de alumnado con necesidades emocionais relacionadas con elaboración de dós, polos desprendementos bruscos e traumáticos a realizar, así como necesidades relacionadas con vivencias dramáticas de destrución e por tanto con maior risco de sufrimento emocional.

Dentro das primeiras medidas de atención unha con carácter prioritario é contar cun Plan de Acollida ou Axuda Específica para todo o alumnado, plan que non se limitará só ao momento da súa chegada ao centro educativo, senón que se estenderá, dadas as circunstancias, a todo o período de escolarización.

Esta proposta ou Modelo de Plan de Acollida servirá de base para que os centros contextualicen ou a incorporen ao seu Plan de Atención á Diversidade (PAD), de acción tutorial (PAT) e, por tanto, no PE, de xeito rápido e áxil. Estará en relación ao resto de proxectos e plans do centro educativo e atenderá ás Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia (NOFC).

Para a súa elaboración poderase contar coa colaboración dos Equipos de Orientación Específica e partir da experiencia de centros con traxectoria de escolarización masiva de colectivos migrantes.

Obxectivos:

- Facilitarlle ao novo alumnado e ás súas familias o coñecemento do centro e do seu funcionamento, favorecendo a inclusión na súa dinámica e a súa participación.
- Fomentar o clima de benestar persoal, especialmente neste alumnado e as súas familias, pero tamén de xeito colectivo, na Comunidade Educativa, para afrontar conxuntamente o sufrimento, derivado dunha situación tan adversa, e construír a inclusión e convivencia positiva en compromiso cos valores democráticos.
- Propiciar actitudes positivas de acollida por parte de toda a comunidade escolar cara ao alumnado de incorporación tardía e as súas familias.
- Contribuír a que as familias desprazadas perciban a escola como un lugar onde se lles facilita a súa inclusión, dáse importancia á súa cultura e se lles ofrecen canles para a súa participación.
- Proporcionar ao alumnado materiais didácticos que faciliten a atención á diversidade e a convivencia entre persoas, promovendo actitudes e comportamentos positivos que eviten a discriminación por razón da cultura de procedencia, nivel cultural e/ou económico, sexo, relixión, etc..
- Asumir como centro o deseño e posta en práctica das medidas educativas específicas que precisa o alumnado procedente do estranxeiro, dando resposta da forma máis axeitada ás necesidades do estudantado.
- Facilitarlle ao alumnado que se incorpore ao noso centro materiais didácticos que faciliten a aprendizaxe dos idiomas oficiais de Galicia.
- Actuar de xeito coordinado co resto dos axentes sociais para unha atención integral.

CONTEXTO EDUCATIVO

Por definir en cada centro educativo en función da súas circunstancias, particularidades e contexto sociocultural e comunitario.

DESENVOLVEMENTO

Atendendo ao disposto na Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína e recollendo que *"... o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína, recolle medidas específicas sobre o réxime de protección temporal a este colectivo de xeito que se garanta a mellor atención de xeito rápido e eficaz e de acordo á súa realidade persoal e social nas especiais circunstancias nas que se atopan..."*

Establécese unha proposta de acollida temporalizada, en catro momentos:

1º Momento: de achegamento ao centro educativo e ao sistema educativo. Trámites iniciais.

2º Momento: de recepción e valoración inicial.

3º Momento: de preparación, recepción e acollida no centro e aula.

4º Momento de seguimento

Contarase con recursos de interese e apoio que irán actualizándose e que se poden atopar no seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>

Non se pode esquecer que o profesorado precisa de apoio, rede, recursos e tempos para atender con calidade a este alumnado e, á súa vez, continuar coa tarefa educativa en marcha. Por isto pode ser importante valorar a reorganización de recursos do propio centro en colaboración coa administración e a coas redes de

apoio comunitaria.

No Anexo I deste plan póñense a disposición algunhas orientacións básicas para comezar, ademais dos recursos da web mencionada e dos que aparecen no resto de anexos.

Para atender de xeito urxente a este alumnado. A proposta preséntase diferenciada por etapas educativas e con documentación anexa orientativa que pode axudar a axilizar o proceso.

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA				
	Actuación	Temporalización	Responsable	Observacións
1º MOMENTO DA ACOLLIDA ACHEGAMENTO AO CENTRO E AO SISTEMA EDUCATIVO. TRAMITES INICIAIS	A/ Facilitar modelo de escolarización extraordinaria, cumprimentar e tramitar á XT	No momento que a familia, os/as representantes legais, familia acolledora ou institución soliciten matrícula	Dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> •Benvida •Modelo de escolarización extraordinaria •Achegarán á solicitude: <p>O resguardo acreditativo de presentación da solicitude de recoñecemento individual da protección temporal para as persoas afectadas polo conflito en Ucraína expedido pola Policía Nacional ou a resolución de concesión da protección temporal expedida polo Ministerio do Interior (constará o NIE)* (Anexo II: Conversa básica galego-castelán-ucraíno)</p>
	B/ Información do centro e dos recursos	Mentres que Xefatura Territorial tramita	Dirección do centro e Xefatura do Dpto. .Orientación	<ul style="list-style-type: none"> •Benvida e acompañamento. •Información do centro. •Información de recursos e actividades extraescolares, axudas, servizos: comedor, transporte,... •Contacto co resto de servizos na comunidade <p>(Anexo III: Guía básica do sistema educativo galego en ucraíno)</p>
2º MOMENTO DA	C/ Recepción do alumno/a e da súa familia e	Momentos: <ul style="list-style-type: none"> • Matrícula • Posteriormente 	Administrativo/a de secretaría, Orientación,	<ul style="list-style-type: none"> •Dáse toda a información necesaria para proceder á matriculación e facilitala • Infórmase da posible solicitude de axudas.

ACOLLIDA RECEPCIÓN VALORACIÓN INICIAL	E	primeira entrevista coa dirección.	nte á matricula	Director/a ou xefe/a de estudos	<ul style="list-style-type: none"> • Explicaráselle como é o noso sistema educativo e como será o proceso de acollida. (Anexo III: Guía básica do sistema educativo galego en ucraíno) • Révisanse os trámites para a matriculación. • Entrevista en orientación: primeiro achegamento á situación emocional. (Anexo IV)
		D/ Entrevista co orientador/a Avaliación inicial	No momento inmediatamente posterior no que sexa posible	Orientación co profesorado titor.	<ul style="list-style-type: none"> • Enquisa de recollida de información inicial • Realizaráselle unha avaliación inicial ao alumno/a: <ul style="list-style-type: none"> • Linguas de comunicación • Estado emocional (Anexo V)
		E/ Análise de resultados e establecer o nivel de escolarización	Coa maior brevidade posible	Xefatura de estudos, orientación, e titor/a	Reunión do/a xefe/a de estudos, orientación e titores/as implicados para analizar os resultados e establecer o nivel de escolarización.
		F/ - Coñecido o nivel ao que se incorpora	Despois das xuntanzas co equipo directivo, orientación e persoa titora	UACO	<ul style="list-style-type: none"> • Infórmase da posible solicitude de axudas. • Contacto co resto de servizos na comunidade
	G/	Coa maior brevidade posible	Xefatura de estudos, orientación, e titor/a	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación do nivel e o grupo no que se 	

3º MOMENTO DA ACOLLIDA: PREPARACIÓN, INCORPORACIÓN E ACOLLIDA NO CENTRO E AULA	-Incorporación ao centro por idade -Segunda entrevista co xefe/a de estudos e orientador/a	brevidade posible	estudios, orientador/a e profesor/a titor/a	escolariza o/a alumno/a. <ul style="list-style-type: none"> • Entrega de ordenador e kit de conectividade (Educa en dixital). Instrucións para adaptación do teclado • Comunicación das posibles MADs que se adoptarán. • Presentación do profesor/a titor/a, se é posible.
	H/ Notificación ao titor/a e ao profesorado do grupo	No mesmo día	Xefatura de estudos	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación ao profesor/a titor/a da información recompilada. • Envío de correo-e ao equipo docente indicando información máis relevante e a data de incorporación. • Incorporar na aula un novo pupitre e cadeira.
	I/ Preparación da acollida co grupo	No mesmo día	Profesor/a titor/a	<ul style="list-style-type: none"> • Información e preparación co grupo clase e da sesión de presentación. • Escoller alumno/a titor/a de aula, comedor e de transporte (si fora o caso) (Anexo VII) • Presentación ao grupo de xeito dinámico e lúdico. (Anexos VIII) • Visita polas instalacións do centro - (Sinalética) • De ser necesario levarase a cabo un período de adaptación, segundo as circunstancias de cadaquén. Flexibilizando horarios, asistencia en función das necesidades que presenten.

	I) Crear redes entre as familias	No momento de incorporación ao centro	Orientador/a-UACO	<ul style="list-style-type: none"> • ENAPAS • ANPA • Familias acolledoras • Participación activa nas actividades do centro.
4º SEGUIMENTO	L/ Seguimento		XE, Profesor/a titor/a, orientador/a, UACO	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento da adaptación e das barreiras contextuais para a inclusión novo alumnado, comunicación coa familia, profesorado e alumno/a titor/a. (Anexo IX) • Seguimento do desenvolvemento integral e de necesidades básicas

EDUCACIÓN SECUNDARIA				
	Actuación	Temporalización	Responsable	Observacións
1º MOMENTO DA ACOLLIDA ACHEGAMENTO AO CENTRO E AO SISTEMA EDUCATIVO. TRAMITES	A/ Facilitar modelo de escolarización extraordinaria, cumprimentar e tramitar á XT	No momento que a familia, os/as representantes legais, familia acolledora ou institución soliciten matrícula	Dirección do centro e Secretaría	<ul style="list-style-type: none"> •Benvida •Modelo escolarización extraordinaria •Achegarán á solicitude: <p>O resgardo acreditativo de presentación da solicitude de recoñecemento individual da protección temporal para as persoas afectadas polo conflito en Ucraína expedido pola Policía Nacional ou a resolución de concesión da protección temporal expedida polo Ministerio do Interior (constará o NIE)</p> <p>Dita documentación poderán solicitala ante funcionarios da Dirección Xeral da Policía, nos centros de acollida, recepción e derivación do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e</p>

INICIAIS				Migracións ou ante las comisarías de policía que se determinen (Orden PCM/169/2022) (Anexo II: Conversa básica galego-castelán-ucraíno)
	B/ Información do centro e dos recursos	Mentres que Xefatura Territorial tramita	Dirección do centro, Orientación,	<ul style="list-style-type: none"> • Benvida e acompañamento • Información do centro • Información de recursos e actividades, axudas, servizos: comedor e transporte,... • Contacto co resto de servizos na comunidade (Anexo III: Guía básica do sistema educativo galego en ucraíno) + Equivalencias sistema educativo español e de Ucraína
2º MOMENTO DA ACOLLIDA RECEPCIÓN E VALORACIÓN INICIAL	C/ Recepción do alumno/a e da súa familia e primeira entrevista coa dirección.	Momentos: <ul style="list-style-type: none"> • Matricula • Posteriormente á matricula 	Administrativo/a de secretaría, Orientación, Director/a ou xefatura de estudos	<ul style="list-style-type: none"> • Dáse toda a información necesaria para proceder á matriculación e facilitala • Infórmase da posible solicitude de axudas. • Explicaráselle como é o noso sistema educativo e como será o proceso de acollida. (Anexo III: Guía básica do sistema educativo galego en ucraíno) • Revísanse os trámites para a matriculación. • Entrevista en orientación: primeiro achegamento á situación emocional. (Anexo IV)
	D/ Entrevista co orientador/a	No momento inmediatamente posterior no que sexa posible	X do Dpto. Orientación	Enquisa de recollida de información inicial e valoración do estado emocional: <ul style="list-style-type: none"> • Linguas de comunicación • Estado emocional (Anexo IV)

E/ Avaliación inicial	A continuación	Membro do equipo directivo, Xefe de Departamento do ámbito e/ ou profesorado dispoñible	Realizaráselle unha avaliación inicial (sempre que o idioma o permita ou se non fora necesario idioma) ao alumno (ámbito socio-lingüístico e científico) co fin de recadar a información necesaria para determinar o seu nivel curricular e as medidas de atención á diversidade que puidera precisar.
F/ Corrección das probas de nivel	Coa maior brevidade posible	Xefes/as departamentos	Corrección das probas de nivel que realice o alumno/a.
G/ Análise de resultados e establecer o nivel de escolarización	Coa maior brevidade posible	Xefatura de estudos, orientación e xefes/as departamentos	Reunión do/a xefe/a de estudos, orientación e xefes/as dos departamentos implicados para analizar os resultados e establecer o nivel de escolarización.
H/ - coñecido o nivel ao que se incorpora	Despois das xuntanzas co equipo directivo, orientación e persoa titora	UACO	<ul style="list-style-type: none"> • Infórmase da posible solicitude de axudas. • Contacto co resto de servizos na comunidade

<p>3º MOMENTO DA ACOLLIDA</p> <p>PREPARACIÓN, INCORPORACIÓN E ACOLLIDA NO CENTRO E AULA</p>	<p>I/ -Incorporación ao centro por idade ou non -Segunda entrevista co xefe/a de estudos e orientador/a</p>	<p>Coa maior brevidade posible</p>	<p>Xefatura de estudos, orientador/a e profesor/a titor/a</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación do nivel e o grupo no que se escolariza o/a alumno/a. • Entrega do horario do grupo e de lista de profesorado (con identificación do titor/a) e horario de recepción do profesor/a titor/a. • Entrega de ordenador e kit de conectividade (Educa en dixital). Instrucións para adaptación do teclado • Comunicación das posibles MADs que se adoptarán. (Anexo VI) • Presentación do profesor/a titor/a, se é posible. • Comunicación da data e hora de incorporación ao grupo . • Visita polas instalacións do centro (sinalética) e acompañamento á aula • De ser necesario levarase a cabo un período de adaptación, segundo as circunstancias de cadaquén. Flexibilizando horarios e asistencia en función das necesidades que se presenten.
	<p>L/ Notificación ao titor/a e ao profesorado do grupo</p>	<p>No mesmo día</p>	<p>Xefatura de estudos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación ao profesor/a titor/a da información recompilada. • Envío de correo-e ao equipo docente indicando información máis relevante e a data de incorporación. • Preocuparse de incluír na aula un novo pupitre e cadeira.
	<p>M/Preparación da acollida co grupo</p>	<p>No mesmo día</p>	<p>Profesor/a titor/a</p>	<p>Escoller alumno/a titor/a e alumno/a acompañante no comedor e transporte (si fora o caso) . (Anexo VII) Preparación co grupo e da sesión de presentación.</p>
	<p>N/ Incorporación</p>	<p>Próxima sesión de titoría ou</p>	<p>Orientador/a e</p>	<p>O/a novo/a alumno/a incorpórase á hora de titoría do grupo e será acompañado á aula polo profesor titor/a e o orientador/a. Presentación ao grupo.</p>

	do alumno/a ao grupo	sesión de materia intercambiable	profesor/a titor/a	Dinámicas (Anexos VIII)
	l) Crear redes entre as familias	No momento de incorporación ao centro	Orientador/a- UACO	<ul style="list-style-type: none"> • ENAPAS • ANPA • Familias acolledoras • Participación activa nas actividades do centro.
4º SEGUIMIENTO	Ñ/ Seguimento	Seguintes sesións de titoría e de coordinación de titores	XE, Profesor/a titor/a, orientador/a UACO	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento da adaptación e das barreiras contextuais para a inclusión do novo alumnado, comunicación co alumno/a titor/a. (Anexo IX) • Seguimento do desenvolvemento integral e de necesidades básicas

* Dita documentación poderá solicitarse ante funcionarios da Dirección Xeral da Policía, nos centros de acollida, recepción e derivación do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ou ante las comisarías de policía que se determinen (Orden PCM/169/2022)

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O seguimento deste plan de acollida poderá realizarse en función de algúns indicadores relacionados ao desenvolvemento do proceso de adaptación, integración e inclusión do alumnado nos ámbitos emocional, comunicativo e social e, de ser posible, curricular.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos do plan de acollida e, do desenvolvemento das distintas actuacións, realizarase a partir das valoracións do claustro de profesorado, especialmente do que participe no proceso, e do resto da Comunidade Educativa. Recollerase na memoria final do centro unha análise da idoneidade do Plan de Acollida e de novas achegas, así como propostas de mellora

De forma global, ao termo do curso escolar, na memoria final de curso, realizarase unha valoración por parte do profesionais implicados , en canto a:

- consecución dos obxectivos propostos
- grao de adaptación e inclusión do alumnado
- participación e coordinación da comunidade educativa (profesorado, familias, persoal non docente, outros profesionais)
- as actividades de acollida realizadas
- aproveitamento dos recursos materiais e organizativos de centro
- aplicación da medidas de atención á diversidade
- e propostas de mellora

Análise e valoración do Plan de acollida	Si/ Non	Valoración (1-5)	Observacións
Seguíronse os pasos previstos no Plan de acollida?			
Valoración dos primeiros contactos <ul style="list-style-type: none"> • coa familia • 1º día no centro/aula • labor do alumnado titor/acompañante • ... 			
Participación da comunidade educativa <ul style="list-style-type: none"> • compañeiros/as • profesorado • familias • UACO 			
Houbo coordinación <ul style="list-style-type: none"> • do equipo docente (orientación, profesorado de reforzo, resto do profesorado) • cos servizos da zona 			
As actividades de acollida responden ás necesidades e intereses do alumnado?			
Os materiais e recursos organizativos foron suficientes?			
Aplicación de medidas de atención			
...			
Propostas de mellora: <ol style="list-style-type: none"> 1 atención á familia 2 primeiro día no centro escolar 3 avaliación inicial 4 actividades de acollida 5 plan de intervención e medidas de atención, etc 			

Anexos

Anexo I: Orientacións para comezar

Orientacións básicas para o profesorado:

- 1 Presentarlle as estancias do centro mediante un percorrido cos nomes das dependencias no seu idioma e en castelán.
- 2 Acollida na aula. Nos primeiros momentos, cando aínda temos a barreira do idioma:
 - 2.1 Taboleiros básicos de comunicación con pictogramas, o seu nome en castelán e no idioma do alumnado de incorporación tardía sin idioma.
 - 2.2 Presentacións a través de pictogramas: gustos, de onde vimos...
 - 2.3 **Dinámicas de cohesión** co seu grupo, empregando o inglés, como a tea de araña, ou a pelota, para que comecen a traballar xa coas emocións e a crear vínculos cos compañeiros. Do mesmo xeito, podemos facer círculos restaurativos, con preguntas básicas moi sinxelas, que facilita e favorece a incorporación e adaptación ao novo entorno. Estas dinámicas poden resultar moi positivas cando as deseñamos con propostas dende a parte creativa, plástica, como a creación de formas e cores a nivel imaxinario.
- 3 Alumnado -acompañante: **Anexo IX**
- 4 Coidamos do benestar emocional do noso alumnado:
 - 4.1 Debemos prestar especial coidado aos espazos, pois tamén poden facilitar moito cara ese apoio emocional, atendendo á creación dun espazo pedagóxico máis comfortable, próximo e facilitado.
 - 4.2 Sería desexable que puideramos habilitar en todos os centros un aula ou espazo sensorial, ou no seu defecto, un recuncho onde poidan relaxarse nos momentos de ansiedade, recollerse cando sintan estrés ou intolerancia ao ruído... Estes espazos deberían contar con auriculares para escoitar música, colchonetas para poder tirarse no chan, libros, xoguetes antiestrés, luces de cores... Moitas son as posibilidades que podemos ofrecerlles nestes espazos ou recunchos, que completarán este tempo de adaptación aos novos centros de acollida.
- 5 Aprendemos o idioma:
 - 5.1 Traballamos de maneira visual con pictogramas/ imaxes reais o vocabulario básico a través de campos semánticos: casa, colexio, comida, bebida, material escolar,...
 - 5.2 Empregamos como recursos didácticos: Aprendemos os números e os meses do ano coa data.
 - 5.3 Empregamos fórmulas de cortesía: bos días, boas tardes, que tal estás?...
 - 5.4 Adaptamos o noso labor docente o seu nivel de competencia lingüística.
 - 5.5 Os xogos de rol.
 - 5.6 O departamento de orientación do centro elaborará as pautas metodolóxicas para o proceso lecto-escritor e quedarán recollidas no informe de incorporación tardía ou informe psicopedagóxico, de ser o caso.

6 Enriquecémonos co achegamento das diferentes culturas onde todos aportamos para unha inclusión efectiva e máis real. Valorando o diferente como unha riqueza cultural.

6.1 Transliteración para que o alumno/a ucraíno

6.2 Cultura:

2.1 arte, comidas, música....

2.2 sistema educativo

1 A ter en conta para escoller o lugar do alumno/a na aula:

- Preto do profesor ou profesora para que poida facilitarlle axuda.
- Preto do alumnado que voluntariamente exerza de titor ou titora..
- Da metade para diante da clase, nunca ao final. Evitárase tamén colocalo na primeira fila, así facilitaremos a súa participación nas actividades e a súa integración/inclusión.

Anexo II:

- Conversa básica galego-castelán-ucraíno: (dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>)

Anexo III:

- Guía básica do sistema educativo en ucraíno (dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina>)

Anexo IV:

- Benestar Emocional: Proposta de Intervención. (adaptar páxina 21) http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf

PISTAS PARA AS ENTREVISTAS COAS FAMILIAS	
<ul style="list-style-type: none">• Interesarse por como se atopan• Coñecer as necesidades do ámbito familiar<ul style="list-style-type: none">• cuestións de organización familiar (membros illados, cambio de domicilio...)• cuestións de saúde• cuestións laborais e/ou económicas• Coñecer o desenvolvemento do proceso de ensino na casa<ul style="list-style-type: none">• Disposición de recursos e ferramentas didácticas necesarias (tecnolóxicas e tradicionais, conexión a internet...)• Organización de rutinas e hábitos diarios de sono, aseo, alimentación e tempo libre• Motivación e disposición para o traballo<ul style="list-style-type: none">• Mostra de interese, formulación de dúbidas, contacto fluído co profesorado, entrega de traballos en tempo e forma correcta...• Organización do traballo diario: se o alumno ou alumna traballaba só ou soa.	<ul style="list-style-type: none">• Coñecer o estado anímico e emocional do neno ou da nena durante a crise<ul style="list-style-type: none">• Alteracións do humor, sono, alimentación, ansiedade, medos...• Illamento dos compañeiros ou compañeiras e/ou no seo familiar• Apatía, desmotivación• Aparición de condutas de dependencia (móbil, videoxogos, pantallas...)• Fortalezas adquiridas durante este período<ul style="list-style-type: none">• Repercusións positivas vividas durante esta situación que fortalecesen ou mellorasen o ámbito familiar e repercuten positivamente no alumno ou na alumna• Dificultades ou barreiras xurdidas<ul style="list-style-type: none">• Aspectos que afectaron ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e non se puideron resolver• Como valoran o apoio recibido desde o centro, que se fixo ben?

Anexo V:

- Benestar Emocional: Proposta de Intervención (adaptar páxina 28)
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf

Proceso:



Anexo VII:

- [Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación ,
- [Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional](#), para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína:

“En función dos resultados desta avaliación inicial, o centro docente poderá adoptar as seguintes medidas:

1. Poderá escolarizarse no curso inmediatamente inferior ao que lle

correspondería por idade se se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de Inspección correspondente.

2. Poderase constituír un grupo de adquisición de linguas de concluír que o alumnado ten un descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

3. Poderase constituír un grupo de adaptación da competencia curricular se o alumnado ten un desfasamento curricular de dous cursos ou máis.

4. Para a constitución dun grupo de adquisición de linguas e/ou dun grupo de adquisición de competencia curricular seguirase o procedemento establecido respectivamente nos artigos 68 e 69 da Orde do 8 de setembro de 2021 e requirirase a autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa.”

- [ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.](#) Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal. O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos

Anexo VII:

1 Como eliximos o alumnado titor?

- 1.1 Escóllese antes de que se incorpore o alumno/a á súa clase. Nunca se decidirá diante do alumno/a novo, co fin de evitar situacións de rexeitamento manifesto.
- 1.2 O alumnado titor debe escollerse entre os que se presenten voluntariamente. Nunca se debe obrigar a ninguén.
- 1.3 Explicarase a función do alumnado titor:
 - 3.1 Facilitar a integración do alumno/a, evitando que se atope só/soa e illado/a na aula, nos períodos de lecer, nos cambios de hora, entradas e saídas, etc. Será nexo de unión co resto do alumnado. Acompañarao no xogo
 - 3.2 Será nexo de unión co resto do alumnado.
 - 3.3 Presentarlle a outros compañeiros/as, profesores/as, persoal non docente...
 - 3.4 Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro os primeiros días acompañándoo nos desprazamentos a outras aulas.
 - 3.5 Orientalo/a sobre aspectos do funcionamento do instituto e hábitos de traballo: material, horarios, materias, aulas...
 - 3.6 Axudarlle nas tarefas escolares.
 - 3.7 Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.
 - 3.8 Colaborar co profesorado- titor/a comunicándolle os problemas que detecte.
- Como características a reforzar e considerar no alumnado titor/a voluntario/a, para realizar estas tarefas, destacar a capacidade asertiva, empática e de iniciativa persoal.

Anexo VIII:

- 1 Poderá realizarse un xogo de presentación grupal empregando a aprendizaxe do idioma: español, galego e ucraino coa Guía de comunicación ou do vocabulario ampliado galego-castelán-ucraino, empregando varios idiomas – galego-castelán-ucraino-inglés) e a transliteración. Onde non só aprenda o idioma o alumnado ucraino se non que tamén ensinen aos demais o seu idioma.
 - 2 Benestar Emocional: Proposta de Intervención.
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf
- Bloque de actividades Conecta:

Dinámica adaptada: Detectives de emocións (páxina 53)

CONSCIENTE



DETECTIVES DE EMOCIÓNS

<p> Contidos: Identificación emocional, empatía, escoita activa, comunicación expresiva, habilidades sociais básicas.</p> <p> Sesións: Dúas sesións. A duración pode variar en función do grupo</p>	<p> Técnicas: Reflexión silenciosa, asemblea, rolda de intervencións.</p> <p> Recursos: Organizador gráfico "CSI" (Anexo 1), imaxes proporcionadas polo alumnado, material de escritura e debuxo.</p> <p> Agrupamentos: Gran grupo, traballo por parellas, traballo individual.</p>
--	---

 **Introdución:** Tras unhas circunstancias adversas como as vividas é preciso pararnos a pensar e reflexionar sobre os nosos sentimentos, sobre como mudaron e sobre os motivos que os xeraron para poder identificalos e comezar a xestionalos axeitadamente.

 **Desenvolvemento:** Pedirémolle ao alumnado que durante uns minutos en silencio (se queren e se lles parece cómodo poden pechar os ollos) recorden como foron os días vividos na casa e como cambiou a súa vida nos últimos meses.

Tras ese tempo de reflexión, repartirémolles un organizador gráfico para que coloreen a primeira columna coa cor que consideren que reflicte como se sentiron

53

Dinámica adaptada: Superpoder (páxina 59)



SUPERPODER

<p> Contidos: Identificación emocional, empatía, escoita activa, comunicación expresiva.</p> <p> Sesións: Dúas sesións. A duración pode variar en función do grupo</p>	<p> Técnicas: Rolda de intervencións.</p> <p> Recursos: Elemento facilitador da palabra (pelota, peluche, etc.).</p> <p> Agrupamentos: Gran grupo, traballo individual.</p>
---	---

 **Introdución:** Todos temos nalgún momento o soño de ter un superpoder que nos confira esas posibilidades sobrehumanas que nos fagan sentir seres especiais. Entra en xogo a nosa creatividade para abandonarnos á nosa imaxinación.

 **Desenvolvemento:** Sentarémolos en roda. Empregaremos un obxecto facilitador da palabra (pelota, peluche, etc.) que irá pasando entre o alumnado, lanzándose dunha persoa a outra. Cada alumno ou alumna que o teña responderá a estas preguntas que irá facendo o profesorado:

- Entre todos os superpoderes do mundo, cal sería o teu? (animaremos o alumnado a acompañalo xestualmente)
- Por que elixiches este superpoder?

59

Anexo IX:

- Benestar Emocional: Proposta de Intervención (adaptar páxinas 19 e 20)
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf

TÁBOA PARA O PROFESORADO

QUE OBSERVAR NA AULA?	
TRAZOS EMOCIONAIS	APRENDIZAXE
<p>Incerteza: Pensamento dubitativo, condutas compulsivas, perfeccionismo, linguaxe literal, preferencia pola actividade regrada...</p> <p>Angustia: Sentimentos de incapacidade, fobia social, fobias específicas, mensaxes de queixa, solicitudes de protección...</p> <p>Desesperanza: Tristeza, ansiedade, illamento, apatía, abandono...</p>	<p>Nivel competencial actual: Nivel de desenvolvemento curricular, de autonomía no traballo e construción de novas aprendizaxes, implicación e actitude para afrontar os procesos de ensino tanto nun marco presencial como virtual...</p> <p>Cohesión de grupo e estado actual: Fortalezas e debilidades en relación á aprendizaxe, posibilidades de construír grupos estables e heteroxéneos de apoio para a aprendizaxe, posibilidade de alumnado que poida dar ou recibir apoio nas aprendizaxes en calquera dos tres escenarios.</p> <p>Procesos de autoavaliación: Autoestímulo do propio traballo, recoñecemento das propias necesidades e potencialidades no proceso de aprendizaxe, análise do rendemento e do resultado final.</p> <p>Barreiras que dificultan o acceso e a participación nas aprendizaxes.</p>
CONVIVENCIA	REDES DE APOIO
<p>Sentimento de pertenza: respecto á participación e colaboración no centro e na aula.</p> <p>Competencias para manexarse e aprender nas situacións conflitivas e de quebra da convivencia.</p>	<p>Prestar axuda: Linguaxe asertiva, empatía, calma, actitude colaborativa, responsabilidade, proactividade.</p> <p>Recibir axuda: nivel de autonomía e responsabilidade, tolerancia á frustración, recoñecemento das propias limitacións, amosar agradecemento.</p>

TÁBOA DE OBSERVACIÓN PARA O PROFESORADO-TITOR MALESTARES

MALESTARES	CONDUTAS QUE SE DEBEN OBSERVAR	PISTAS PARA ACOMPAÑAR
Incerteza	Reaccións desmesuradas ante situacións cambiantes e incertas.	Calma e tacto Acompañamento presencial ata que se interioriza a incerteza
Angustia	Inquietude, desaxougo ou síntomas corporais: a face, a intransquilidade corporal, a respiración. A angustia tende, de vixu, a comunicarse, a expresarse como queixa e buscar axudo nas persoas nas que se confía.	Reforzar o sentimento de pertenza á comunidade, acompañamento, apoio e o de protección e respecto pola identidade propia. Mensaxes claras e sinxelas, encontrarse, escoitar, falar e empatizar.
Desesperanza	Emocións como tristeza, ansiedade, ou períodos de inactividade ou somatizacións derivadas do sufrimento da perda ou enfermidade dun ser querido.	Estar con humanidade, empatía e escucha para atoparse a dor e reforzar a resiliencia. Non infantilizar e si axudar a comprender, entender e facerse cargo do sufrimento. Introducir a ilusión e a posibilidade de facer algo.
Enfrontamento	Confrontación con desorientación, irritabilidade, incumprimento das normas e, nalgunhas ocasións, a violencia. Condutas de risco. Transgresións, algunhas delas relacionadas co desafío, a identidade ou a autonomía.	Mirar o enfrontamento como maneira de conservar o mesmo e un modo de pedir un fin, un límite. Escrutacións dun conflito interno. Insuficiencia para avanzar cara a autonomía. Nomear, delimitar e interpretar o límite (o "non") que precisa para construír identidade
Perda	Perdas singulares: morte dun adegado, as dificultades específicas da familia ao respecto do traballo ou da vivenda. Perdas compartidas: aquelas que afectan a todos e todas polo feito de ser cidadáns e cidadás. Perdas colectivas: todas as que supón o virus ou calquera enfermidade como ameaza á perda da relación co saber, a aprendizaxe, os amigos, o proxecto vital, a ocupación...	Para as perdas singulares: acompañamento, a empatía e o apoio son as vías para evitar unha vivencia de dor non comunicable e non compartible que trae unha ferida con respecto aos demais. Para as perdas compartidas: encontros grupais e compartir experiencias na escola como lugar para traballar a dor e como lugar de pertenza onde os iguais poden acompañarse. Atención a condicións de desigualdade que converten unha perda compartida nunha perda individual, para non patologizar. Para as perdas colectivas: tarefas da escola para o benestar e o afrontamento desde o tempo do organizativo.